



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



CENTROS INTEGRADOS
DE FORMACIÓN
PROFESIONAL

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Integrados de Formación Profesional

Plan de Convivencia

CIFP: Compostela

Curso: 2025 – 2026



Índice

1.	Marco normativo.....	3
2.	Ámbito de aplicación.....	3
3.	Axentes responsables.....	3
3.1.	Consello Social.....	3
3.2.	Claustro.....	3
3.3.	Comisión de Convivencia.....	4
	Composición.....	4
	Funcións.....	4
	Normas para o funcionamento da Comisión de Convivencia: constitución, calendario de reunións.....	5
3.4.	Equipo Directivo.....	5
3.5.	Órganos de coordinación docente.....	5
3.6.	Coordinación do Centro con familias/ titores legais e institucións.....	5
4.	Análise da Situación.....	5
4.1.	Ferramentas utilizadas no Diagnóstico do Clima de convivencia:.....	5
4.2.	Análise da situación.....	6
	Contorno socio-económico /O centro/ Necesidades Tecnolóxicas.....	6
	O alumnado.....	6
4.2.1.	Claustro e Persoal de administración e Servizos.....	7
4.3.	Oferta educativa do centro para o curso 2025-26.....	7
	Ciclos formativos_ Réxime ordinario.....	7
	Ordinaria - Presencial.....	7
	Cursos de especialización	8
	Ordinaria -Presencial.....	8
	Modular - Distancia.....	8
	Modular - Presencial.....	8
	Dual - Intensiva.....	8
	Formación acelerada	8
	Modular - Presencial.....	8
5.	Aspectos organizativos e curriculares.....	8
6.	Participación e relacións da comunidade educativa.....	9
1.1.	Alumnado.....	9
1.2.	Profesorado.....	9
1.3.	Pais e Nais dos menores de idade.....	9
1.4.	Persoal auxiliar de servizos (PAS).....	9
7.	Conflitividade.....	10
7.1.	Comunicación de incidencias á Xefatura de Estudos. 2024/25.....	11
7.3.	Consideracións no curso 2024-25.....	16
	a) Reflexións en relación a conflitividade detectada.....	16
	b) Incidencias máis frecuentes ou complexas no CIFP Compostela.....	16
	c) Resolución de conflitos. Medidas adoptadas.....	17
	d) Efectividade das actuacións desenvolvidas.....	18
7.3.	Obxectivos Específicos.....	18
8.	Actuacións, Medidas ou Programas.....	19
8.2.	Actuacións Organizativas, Curriculares e de Coordinación.....	19
	Organizativas.....	19
	Curriculares:.....	19
	Coordinación.....	19
8.2.	Actuacións para garantir a Participación.....	19
8.3.	Actuacións Formativas en convivencia.....	20
8.4.	Actuacións de divulgación.....	20
8.5.	Elaboración de Materiais de Traballo e Protocolos de Actuación.....	20
8.6.	Medidas ou programas.....	20
9.	Normas de Convivencia.....	21
10.	Difusión do Plan.....	21
11.	Seguimento, avaliación e propostas de mellora.....	21
11.1.	Seguimento e avaliación.....	21
11.2.	Propostas de Mellora.....	22
11.2.1.	Actuacións prioritarias:.....	22

1. Marco normativo

En cumprimento do disposto en:

Lei 4/11, 30 xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. (DOGA 15/06/2011)

Decreto 8/2015, 8 xaneiro, que desenvolve a Lei anterior. (DOGA 27/01/15)

Conforme ao disposto no artigo 10.1 da Lei 4/11 e no artigo 11.2 do Decreto 8/15, o Proxecto Educativo de cada centro docente incluírá un Plan de Convivencia. Aínda que a Lei e o Decreto son posteriores ao ROC que regula os CIFP non está adaptada a estes, así onde pon “Proxecto Educativo” debemos entender que o Plan de Convivencia estará incluído no “Proxecto Funcional” dos CIFP, e, en consecuencia, ha de ser aprobado polo Consello Social.

2. Ámbito de aplicación

O disposto neste Plan é aplicable e debe ser respectado por todos os membros da nosa comunidade educativa.

As normas de convivencia do centro, incluídas neste Plan, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa.

3. Axentes responsables

Todos os membros da Comunidade Educativa son axentes responsables da convivencia escolar e han de participar na elaboración, desenvolvemento e avaliación do Plan e nas normas de convivencia, e velar pola aplicación do mesmo.

Ademais das funcións do Consello para a Convivencia Escolar de Galicia, recollidas no art. 10 do Decreto 8/15, dentro do CIFP, interveñen na elaboración do Plan e das normas de convivencia os seguintes órganos:

3.1. Consello Social

Tomando como referencia ao Consello Escolar podemos indicar como funcións:

- **Elixir** ás persoas representantes da **comisión de convivencia** de acordo ao establecido no artigo 8.2 do Decreto 8/15.
- Establecer **directrices** para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- Realizar anualmente o **seguimento e a avaliación** do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- **Propoñer actuacións** en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.
- **Aprobar** o Plan de Convivencia e as modificacións do mesmo, xa que está incluído dentro do Proxecto Funcional.
- Tal como se establece para o Consello Social na normativa vixente correspóndelle:
- Artg. 2.d) Aprobar os plans anuais e memorias do centro (plan de convivencia é un plan anual)
Está aprobadas esas funcións por ser o órgano análogo ao consello escolar.

3.2. Claustro

Funcións:

- Realizar **propostas** para a elaboración do plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.
- Participar na **avaliación anual** da convivencia do centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.
- Propoñer **actuacións** de carácter educativo especialmente as relacionadas coa resolución pacífica dos conflitos.

3.3. Comisión de Convivencia

A comisión de convivencia ten carácter consultivo e exerce as súas funcións por delegación do Consello Social do Centro, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto na normativa vixente, neste plan de convivencia e nas normas de convivencia do noso centro.

Composición

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa.

O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados.

A súa composición ven regulada no artigo 6 do Decreto 8/2015 de Convivencia e, no noso Centro, ten a seguinte:

- Director do centro. Que será informado puntualmente de todas as decisións e actuacións da comisión de convivencia.
- En canto á composición permanente da Comisión de Convivencia:
- Xefe da área de formación.
- 2 representantes do profesorado.
- Xefa do Dpto. Orientación, que actuará de secretaria (no presente curso lectivo o CIFP conta con dous orientadores, sendo a Xefa do Departamento: Luisa Kirmayer e o Coordinador de Benestar Jesús Tuiño).
- 1 representante dos PAS.
- 4 representantes do alumnado, 2 representantes dos primeiros cursos e dous representantes dos segundos (debemos ter en conta a estancia do noso alumnado no centro, e a súa incorporación á Formación en empresa ou organismo equiparado, así, en marzo terán menos presenza, xa que dous alumnos/as que estarán na Formación en empresa). A renovación parcial será en setembro/outubro onde se elixirán os novos representantes de 1º.
- Dende o curso 25-26 incluiremos a figura da **Coordinador/a de benestar** polas aportacións necesarias a esta Comisión

Funcións

Desenvolve as seguintes funcións por delegación do Consello Social:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello social as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación. Procurarase un equipo mediación voluntario formado por alumnado, (a ser posible, con representantes de Fp Básica e C.S de Integración social) que será coordinado pola orientadora.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente. Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

- g) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello social do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- h) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello social do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Normas para o funcionamento da Comisión de Convivencia: constitución, calendario de reunións

Terá, ao menos, tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros. Levantará acta das súas reunións.

3.4. Equipo Directivo

Funcións (artigo 8 do Decreto 8/2015):

- Elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, e así coma as demais competencias da Comisión de Convivencia, mentres esta non estea constituída.
- **Impulsar** as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.
- Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.
- Correspóndelle a imposición das medidas correctoras así como velar polo cumprimento das mesmas por parte do alumnado

3.5. Órganos de coordinación docente

Serán responsables de incorporar, no seu ámbito de competencias, as medidas e os acordos adoptados no Plan e nas normas de convivencia.

A súa función principal será a de detectar e comunicar á Comisión de Convivencia, ao Equipo Directivo e, de ser o caso, a Coordinación de Benestar a información que poda obter no exercicio das súas funcións e que estea relacionada coa convivencia e que observe relevante, así como facer propostas neste asunto. Debemos facer fincapé na labor da titoría a este nivel, e a necesidade de que o alumnado siga as canles pertinentes para informar, destacar a situación actual o que non significará falta de coordinación.

3.6. Coordinación do Centro con familias/ titores legais e institucións.

O Plan terá a suficiente difusión como para garantir que as familias dos menores o coñezan. Estará publicado na páxina web do CIFP. A través do Dto de Información e Orientación Profesional, colaboran con nós distintas institucións para este plan de convivencia destacando distintos colectivos como son a Policía (a través do Plan director de convivencia). En canto ás familias destacar as titorías cos pais/nais ou titores/as legais como medio fundamental de coordinación, especialmente, na FP Básica. Tendo presenza máis destacada as intervencións a este nivel do Xefe da Área de Formación (especialmente en coordinación co DIOP na FP Básica).

4. Análise da Situación

4.1. Ferramentas utilizadas no Diagnóstico do Clima de convivencia:

A diagnose do centro fíxose baseándose na observación directa do comportamento e clima da comunidade escolar, así como da análise documental a través da análise dos partes de incidencias, dos expedientes disciplinarios e das sancións impostas o curso pasado (como se pode revisar na memoria e no apartado 7 deste Plan).

4.2. Análise da situación

Contorno socio-económico /O centro/ Necesidades Tecnolóxicas

O Centro educativo está situado nas aforas de Santiago, a 65 quilómetros ao sur de A Coruña, e a 62 quilómetros ao norte de Pontevedra.

A poboación do Concello sitúase arredor dos 97.858 habitantes (45.505 homes e 52.353 mulleres) segundo os últimos datos do [IGE do 01/01/2021](#). Conta con 24 liñas de autobuses que prestan servizo á cidade e arredores tendo dúas liñas que **(P3 e 6)** se achegan de xeito continuo ao CIFP.

Conta tamén cun sistema de transporte metropolitano coas súas cidades dormitorio (fundamentalmente Cacheiras, Milladoiro e Bertamiráns), así como conexións con localidades e concellos próximos (Rois, Padrón, ...)

Nos últimos anos o barrio do Castiñeiriño, onde se atopa o CIFP Compostela, acadou un desenvolvemento progresivo, creándose actualmente no entorno unha importante zona residencial de recente inauguración.

Os accesos ao recinto son excelentes, estando situado a 200 metros da rotonda do barrio do Castiñeiriño con parada de varios autobuses urbanos e a mesma distancia da saída da autoestrada AP-9. A Estación Intermodal de Santiago está situada a 1,800 metros.

O alumnado

As estatísticas de matrícula, no presente curso 2025-26, reflicten os seguintes datos, por Familia Profesional, Ensinanza e curso:


 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
 CIENCIA, UNIVERSIDADES E
 FORMACIÓN PROFESIONAL

 Rúa Lamas de Abade 23-25
 15702 Santiago de Compostela
 ☎ 881866570 📠 881866586
 cifp.compostela@edu.xunta.gal
<https://cifpcompostela.gal>

CIFP Compostela

15016000

ES989

ESTADÍSTICA DE MATRÍCULA POR ENSINANZA E CURSO

 Ano académico: **2025/2026**

 Ano inicio: **Todos**

 Ensinanza: **Todos**

 Curso: **Todos**

 Réxime: **Todos**

 Grupo: **Todos**

Ensinanza	Mulleres	Homes	Total
2º Artes gráficas	1	1	2
2º Atención a persoas en situación de dependencia	3	0	3
2º Cociña e gastronomía	2	3	5
2º Cociña e restauración	2	7	9
2º Dirección de cociña	1	6	7
2º Dirección de servizos de restauración	3	1	4
2º Educación Infantil	2	0	2
2º Impresión gráfica	3	5	8
2º Integración social	4	1	5
2º Panadería, repostería e confeitaría	3	0	3
2º Preimpresión dixital	0	2	2
2º Servizos en restauración	1	4	5
2º Xestión de aloxamentos turísticos	1	1	2
(A)-Atención a persoas en situación de dependencia	7	4	11
(A)-Cociña e gastronomía	5	7	12
(A)-Deseño e xestión da produción gráfica	13	6	19
(A)-Dirección de cociña	10	10	20
(A)-Dirección de servizos de restauración	2	3	5
(A)-Educación infantil	11	1	12
(A)-Promoción de igualdade de xénero	9	1	10
(A)-Servizos en restauración	3	3	6
(A)-Xestión de aloxamentos turísticos	31	12	43
1º Aloxamento e lavandería	8	9	17
1º Artes gráficas	5	10	15
1º Atención a persoas en situación de dependencia	26	0	26
1º Cociña e gastronomía	13	27	40
1º Cociña e restauración	3	12	15
1º Dirección de cociña	6	16	22
1º Dirección de servizos de restauración	7	8	15
1º Educación Infantil	27	3	30
1º Impresión gráfica	6	14	20
1º Integración social	20	9	29
1º Panadería, repostería e confeitaría	16	2	18
1º Preimpresión dixital	11	12	23
1º Servizos en restauración	5	18	23
1º Xestión de aloxamentos turísticos	14	11	25
2º Aloxamento e lavandería	0	4	4
2º Artes gráficas	5	6	11
2º Atención a persoas en situación de dependencia	19	0	19
2º Cociña e gastronomía	8	12	20

Ensinanza	Mulleres	Homes	Total
2º Cociña e restauración	4	6	10
2º Dirección de cociña	5	9	14
2º Dirección de servizos de restauración	8	5	13
2º Educación Infantil	26	1	27
2º Impresión gráfica	9	5	14
2º Integración social	19	3	22
2º Panadería, repostería e confeitaría	8	3	11
2º Preimpresión dixital	5	8	13
2º Servizos en restauración	6	2	8
2º Xestión de aloxamentos turísticos	10	7	17
Atención a persoas en situación de dependencia	32	8	40
Cociña e gastronomía	20	11	31
Deseño e xestión da produción gráfica	15	8	23
Dirección de cociña	4	10	14
Dirección de servizos de restauración	2	2	4
Educación infantil	119	7	126
Promoción de igualdade de xénero	49	3	52
Servizos en restauración	1	10	11
Xestión de aloxamentos turísticos	112	24	136
Panadería e bolaría artesanais	6	2	8
Totais:	776	385	1161

A maior parte do alumnado viven nos arredores do centro, en pisos alugados por eles mesmos en grupo, ou nas súas vivendas pola proximidade ó mesmo. Outros que viven fóra de Santiago usan os transportes públicos para acudir ó CIFP e, cada vez máis, medios propios.

A procedencia dos alumnos que acceden ao CIFP Compostela, é variada aínda que, se reparten entre Santiago, pola localización do propio Centro, así coma as Rias Baixas en gran medida. No caso de alumnado matriculado en servizos socioculturais e a comunidade, as solicitudes realízanse por vocación e repártense por toda a comunidade, cunha tendencia a seguir estudos universitarios no caso de Ciclos Superiores e de acceder a un Ciclo Superior no caso do Ciclo Medio. En Artes gráficas o alumnado demandante procede, basicamente, de Santiago e comarcas limítrofes.

A súa diversidade académica obsérvase sobre todo nos Ciclos de Grao

Medio, onde poden acceder mediante a Proba de Acceso, Probas Libres, titulación de Formación Profesional Básica ou ben coa titulación da ESO. Esta diversidade na súa procedencia, posibilita unha importante diferenza de idades no alumnado, e tamén na experiencia laboral aportada polo alumnado adulto, que regresan ao sistema educativo a continuar estudos dende a súa experiencia do desemprego. Tamén hai bastantes casos nos que o alumnado adulto simultánea traballo e estudos. Hai diversidade de alumnado tamén nos cursos da Formación Profesional Básica, pola diferenza de idade (entre 14 e 18 anos), o rendemento académico, as características socio familiares e a procedencia de alumnado con escaso dominio das linguas oficiais.

4.2.1. Claustro e Persoal de administración e Servizos

Conformando o **Claustro** nestes momentos: 66 mulleres e 39 homes: Total: 105 persoal activo no momento da redacción deste plan.

E tendo en **Persoal de Administración e Servizos** (Limpeza, Subalternos/as, Administrativos, Encargada/o almacén,: Limpeza, Mantemento e Auxiliar de Conversa): 17 mulleres e 5 homes, total: 22.

4.3. Oferta educativa do centro para o curso 2025-26

Ciclos formativos Réxime ordinario

Ordinaria - Presencial

Grao Básico	D1ARG001100	Artes Gráficas
	D1ARG001100	Cociña e restauración
	D1HOT001200	Aloxamento e lavandaría
Grao Medio	D2ARG000100	Impresión Gráfica
	D2ARG000200	Preimpresión dixital

	D2HOT000100	Cociña e Gastronomía
	D2HOT000200	Servizos en restauración
	D2INA000100	Panadaría, repostaría e confeitaría
	D2SSC000100	Atención a persoas en situación de dependencia
Grao Superior	D3HOT000100	Xestión de aloxamentos turísticos
	D3HOT000400	Dirección de cociña
	D3HOT000500	Dirección de servizos en restauración
	D3SSC000100	Educación Infantil
	D3SSC000200	Integración social

Cursos de especialización

Ordinaria -Presencial

Grao medio	E2HOT005000	Panadaría e bolaría artesanais
-------------------	--------------------	--------------------------------

Modular - Distancia

Oferta completa

Grao superior	D3HOT000100	Xestión de aloxamentos turísticos
	D3SSC000100	Educación Infantil

Oferta parcial

Grao superior	D3SSC000500	Promoción da igualdade de xénero
----------------------	--------------------	----------------------------------

Modular - Presencial

Oferta completa

Grao medio	D2SSC000100	Atención a persoas en situación de dependencia
-------------------	--------------------	--

Oferta parcial

Grao medio	D2HOT000100	Cociña e gastronomía
-------------------	--------------------	----------------------

Grao superior

D3ARG000100	Deseño e xestión da produción gráfica
CD3HOT000400	Dirección de cociña

Dual - Intensiva

Grao medio	D2HOT000200	Servizos en restauración
-------------------	--------------------	--------------------------

Grao superior

D3HOT000100	Xestión de aloxamentos turísticos
D3HOT000500	Dirección de servizos de restauración

Formación acelerada

Modular - Presencial

Oferta completa

Grao medio	Y2HOT000400	Servizos en restaurante
	Y2HOT000400	Servizos en restaurante

Plurilingüe os seguintes ciclos:

D2ARG000200 Preimpresión dixital Inglés
D3HOT000100 Xestión de aloxamentos turísticos Inglés
D3HOT000400 Dirección de cociña Inglés
D3HOT000500 Dirección de servizos de restauración Inglés

5. Aspectos organizativos e curriculares

O documento Normas de Organización de Funcionamento (NOF) do CIFP Compostela, difúndese entre o alumnado do centro, tanto nas sesións de acollida que se levaron a cabo no centro, coma tamén na páxina web, para toda a comunidade educativa e a través dos titores/as. Este documento é revisado e actualizado cada curso lectivo.

Tamén será constituída a Comisión de Convivencia, que se reunirá, con carácter xeral, tres veces durante o curso e, con carácter extraordinario, as veces que sexa preciso.

Un reto a nivel de organización é o relacionado coa FP Básica, cunha dedicación transcendental a nivel de convivencia deste alumnado, dado que, o CIFP está regulado con normativa específica, ensinanzas post

obligatorias, maioría de alumnado maior de idade,... o que da unha situación a nivel de convivencia diferente a un IES, especialmente a nivel de autonomía nos espazos, tempos e incluso xestión do recinto escolar (por exemplo: portas abertas permanentemente).

Outro aspecto a ter en conta e que temos matriculado alumnado menor de idade e, incluso de 14 anos o que conforma unha forma de relación coas familias que non se dá noutros tramos de idade, así como na xestión de gardas, saídas do centro,...

A nivel curricular, detéctase unha importante falta de formación do alumnado nas habilidades sociais básicas tamén no ámbito da educación a distancia, e tamén problemas na comunicación e resolución de conflitos, especialmente, no alumnado da FP Básica. A transversalidade no tratamento da comunicación e da adquisición destas habilidades, amósase aínda insuficiente, pero estase traballando no tema, e cada vez hai máis colaboración/interrelación interdepartamental e organízanse moitas actividades en conxunto.

Tamén se detectan un **incremento** de dificultades de convivencia a nivel de: resolución pacífica de conflitos, xestión emocional, condutas autolesivas, consumo de sustancias... o que nos leva a un necesidade formativa no ámbito da convivencia no profesorado, especialmente, naquel que exerce funcións de titor/a. Ademais dunha carga, cada vez máis importante de intervención dende o DIOP.

6. Participación e relacións da comunidade educativa

1.1. Alumnado

A participación do alumnado na vida do centro é alta, cando se desenvolven actividades complementarias á formación (ACF), e incluso si estas se desenvolven fóra do horario escolar. Tanto o alumnado de ciclos formativos coma de FPB, mostra unha boa resposta ás actividades organizadas. O que si hai que salientar é que o alumnado de ciclos formativos en réxime de adultos modular, non participa habitualmente nas actividades que se desenvolven fóra do seu horario lectivo. Isto débese, sobre todo, a motivos laborais.

Destacando que o alumnado participa activamente no desenvolvemento de actividades complementarias, nas de emprendemento e de transversalidade, e tamén se inscriben a concursos de presentación de proxectos innovadores e a programas europeos, xa que o centro posúe a Carta Erasmus+, participando en proxectos europeos Erasmus+. Aumentando, nos últimos cursos, a participación e cooperación en actividades de centro coordinadas por Igualdade, Benestar, EDLG ou Emprendemento.

En cada grupo existe un delegado nomeado pola clase, e incluso hai un representante dos Delegados/as, o que non está creada é a Xunta de Delegados (non regulada para os CIFP).

É importante deixar claras as canles de comunicación do alumnado co Centro nesta materia, e dar publicidade á caixa de Suxestións e Queixas a través dos titores/as, e tamén da opción que teñen na páxina web do centro, coa posibilidade de participar nos distintos espazos e proxectos de participación do CIFP e cun impulso nos últimos cursos da Coordinación de Benestar.

1.2. Profesorado

Boa participación do profesorado na elaboración consensuada de documentos do Centro.

Obsérvase interese no profesorado pola formación interna e externa, pero en temas relativos a convivencia, obsérvase máis implicación e formación (especialmente a nivel de FP Básica) polo que se atenderá a esta demanda cada curso lectivo.

1.3. Pais e Nais dos menores de idade

A súa participación é clave, principalmente na FPB na continuidade das medidas propostas polo Centro relacionadas coa mellora da conduta dos seus fillos/as, e a relación con centro.

Facilítase a comunicación coas familias por diversas canles: centrada en medios corporativos:, correo, ABALAR, ... O que mellor resultado está obtendo é a realización de entrevistas individuais cas familias e o titor/a e, en ocasións, coa presenza dun representante do DIOP.

1.4. Persoal auxiliar de servizos (PAS)

Os problemas son puntuais neste colectivo da comunidade educativa onde a convivencia e boa en xeral, aínda que aumentaron ás dificultades coas novas incorporacións continuas no persoal de limpeza nestes cursos o que

supuxo un nivel de axuste a nivel de funcións e horarios. Si pode haber un excesivo traballo no período de admisión e matrícula, pero que realizan con profesionalidade e en prazo.

7. Conflitividade

Tal e como se reflectiu na Memoria do curso pasado a análise da convivencia fíxose a través, da información pormenorizada, facilitada dende a Xefatura da Área de Formación.

7.1 Comunicación de incidencias á Xefatura de Estudos. 2024/25

Sendo especialmente sensible algunhas actuacións que quedan reflectidas na documentación do DIOP,

CICLOS	MOTIVO	Nº	MEDIDAS CORRECTORAS	Nº	REINCIDENTE	EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS	PROTOCOLO
Ciclos F.P Básica	Falta de actitude e comportamento ou aproveitamento na aula	14	Cubrir parte de incidencia e envialo á Xefatura de estudos	7	5/7	NON	
	Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración.	6	Imposición de medidas correctoras contrarias á convivencia. Sanción: suspensión dereito á asistencia a clase ata 3 días.	3	2/3	SI	
	Os actos inustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.	10	Imposición de medidas correctoras contrarias á convivencia. Sanción: suspensión dereito á asistencia a clase ata 3 días.	3	3/3	SI	



CICLOS	MOTIVO	Nº	MEDIDAS CORRECTORAS	Nº	REINCIDENTE	EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS	PROTOCOLO
	Falta de actitude e comportamento ou aproveitamento na aula	20	Cubrir parte de incidencia e envialo á Xefatura de estudos	14	11/14	NON	
	Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración.	10	Imposición de medidas correctoras contrarias á convivencia. Sanción: suspensión dereito á asistencia a clase ata 3 días.	3	3/3	NON	
	Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.	6	Imposición de medidas correctoras contrarias á convivencia. Sanción: suspensión dereito á asistencia a clase ata 3 días.	3	3/3	SI	
	As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.	3	Imposición de medidas correctoras contrarias á convivencia. Sanción: suspensión dereito á asistencia a clase ata 3 días.	3	3/3	SI	
	APERTURA DE PROTOCOLO	1	Cubrir parte de incidencia e envialo a Orientación Apertura de protocolo	1			SI
	APERTURA DE PROTOCOLO	1	Cubrir parte de incidencia e envialo a Orientación Apertura de protocolo	1			SI





CICLOS	MOTIVO	Nº	MEDIDAS CORRECTORAS	Nº	REINCIDENTE	EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS	PROTOCOLO
	Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración.	12	Imposición de medidas correctoras contrarias á convivencia. Sanción: suspensión dereito á asistencia a clase ata 3 días.	4	4/4	SI	
	Falta de actitude e comportamento ou aproveitamento na aula	5	Cubrir parte de incidencia e envialo á Xefatura de estudos	3	3/3	NON	
	Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.	5	Imposición de medidas correctoras contrarias á convivencia. Sanción: suspensión dereito á asistencia a clase ata 3 días.	5	3/5	SI	
CICLOS MEDIOS							
	APERTURA DE PROTOCOLO	2	Cubrir parte de incidencia e envialo a Orientación Apertura de protocolo	2			SI
	Falta de actitude e comportamento ou aproveitamento na aula	16	Cubrir parte de incidencia e envialo á Xefatura de estudos	10	7/10	NON	
	Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.	14	Imposición de medidas correctoras contrarias á convivencia. Sanción: suspensión dereito á asistencia a clase ata 3 días.	9	7/9	SI	
	APERTURA DE PROTOCOLO	1	Cubrir parte de incidencia e envialo a Orientación Apertura de protocolo	1			SI
CICLOS SUPERIORES							





CICLOS	MOTIVO	Nº	MEDIDAS CORRECTORAS	Nº	REINCIDENTE	EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS	PROTOCOLO
	APERTURA DE PROTOCOLO	2	Cubrir parte de incidencia e envío a Orientación Apertura de protocolo	2			SI
	Falta de actitude e comportamento ou aproveitamento na aula	3	Cubrir parte de incidencia e envío á Xefatura de estudos	3		NON	
	Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.	3	Imposición de medidas correctoras contrarias á convivencia. Sanción: suspensión dereito á asistencia a clase ata 3 días.	3		NON	





7.3 Consideracións no curso 2024-25

De novo detectamos situacións convivencia e de casuísticas de especial sensibilidade e trato, e, un curso máis, observouse un aumento de apertura de expedientes e de situacións de especial actuación e coidado, cun aumento de casos de atención a nivel emocional e relacional, o que supuxo un esforzo a nivel de documentación, intervencións e actuacións tanto de titoría e individuais; así como un aumento da demanda de información / entrevistas por parte das familias (moi especialmente daquel alumnado que ten aberto protocolo dalgún tipo). Observando como moi positivo a xestión do DIOP con dous orientadores, o que facilitou unha atención individualizada, presencial, sensible e continua no CIFP.

En relación aos partes de incidencias, como se pode entender, teñen un claro valor informativo e/ou advertencia; aínda que, neste curso, foron tramitados un número importante de partes (como se pode ver na táboa incluída neste apartado 4) volvemos, un curso máis, a facer a anotación de que moitos foron cubertos con carácter informativo e de seguimento para determinadas situación de especial sensibilidade.

A intervención xeral coordinouse entre os titores/as de grupo, a colaboración coas orientadores, da Xefatura de estudos e coa Xefatura de Área de Calidade.

a) Reflexións en relación a conflictividade detectada

En primeiro lugar, destacar o que no curso 2024 – 2025 tramitáronse 8 expedientes disciplinarios.

Lamentablemente, debemos sinalar que continúa o aumento tanto de partes como de apertura de protocolos de prevención ante o risco suicida, de violencia de xénero, ou de agresións físicas ou psíquicas, injurias e /ou ameazas e coaccións.

En relación aos partes de incidencias, presentáronse 127, que achegaron á Xefatura da Área de Formación, que como se pode entender teñen un claro valor informativo e/ou advertencia; aínda que, neste curso, foron tramitados un número importante de partes (como se pode ver na táboa incluída neste apartado 4) volvemos, un curso máis, a facer a anotación de que moitos foron cubertos con carácter informativo e de seguimento para determinadas situación de especial sensibilidade.

A intervención xeral coordinouse entre os titores/as de grupo, a colaboración coas orientadores, da Xefatura de estudos e coa Xefatura de Área de Calidade.

b) Incidencias máis frecuentes ou complexas no CIFP Compostela

Da análise dos partes de incidencias entregados polo profesorado, considérase que as situacións máis frecuentes no centro, así como situacións sensibles detectadas dende o DIOP, das se prestará especial atención aquelas que teñan continuidade no próximo curso 2024-25 (e das que se solicitou organización e documentación ao DIOP):

1. Falta de actitude e aproveitamento na aula.
2. Actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar, que neste curso foron en aumento (sendo a segunda causa de comunicación de incidencia).
3. Actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración.

Ademais, lamentablemente, xestionamos

1. Protocolos de prevención ante o risco suicida infante - xuvenil
2. Protocolo de violencia de xénero

3. Protocolos de actuación contra o acoso escolar (constitución equipo ACAE)

Da análise dos partes tamén se extrae que:

- Os conflitos que se producen con maior frecuencia son os que xorden entre o alumnado.
- Respecto do lugar onde ocorren, a maior parte dos conflitos entre o alumnado teñen lugar nas aulas, nos corredores do centro, e, de forma anecdótica, fóra do recinto escolar.

c) Resolución de conflitos. Medidas adoptadas

En canto a resolución dos conflitos (sen ter en conta as actuacións levadas a cabo na tramitación de distintos protocolos ou por axente externos):

As medidas adoptadas polo profesorado frecuentemente, ou sempre/case sempre son:

- Falar co alumnado aparte ou fóra da aula.
- Pedir colaboración na clase.
- Chamarlle a atención, pero sen sancionalo.
- Solicitar orientación, por parte do profesorado, ao DIOP para unha mellora na xestión do conflito. Cunha xestión en xeral moi eficaz e positiva. Cun aumento de actuacións e seguimentos individuais.
- Cubrir un parte de incidencia e enviándoo a xefatura de estudos. Recordamos que neste curso foron tramitados partes con carácter informativo e de seguimento de determinadas situación de especial sensibilidade.¹
- Pedirle que acuda a orientación².
- Pedirle que vaia a xefatura de estudos ou dirección, a informar do acontecido, para reconducir a situación. Un curso máis temos solicitude de intervención á Xefatura de Estudos, Vicedirección ou dirección; especialmente na FPB.

Cada curso, increméntanse as actuacións referidas a:

- Intervención co alumnado en relación a manexo de ansiedade, resolución de conflitos interpersoais e situacións complexas e de especial sensibilidade.
- Intervencións vinculadas á aplicación de protocolos, con especial relevancia os protocolos de risco suicida ou intervención co alumnado con expedientes disciplinarios.

Así como:

- Intervencións directas coas titorías de F.P Básica (tanto a nivel grupal como individual)
- Aumento de solicitude de asesoramento por parte dos titores/as da FP Básica, con aumento dos Ciclos Medios e por parte das familias, moi especialmente, de alumnado de FP Básica.
- Aumento de xestión de intervencións con órganos e entidades externas (Concellos, Servizos Sociais,...) así como un aumento de colaboracións con profesionais e entidades que traballan especificamente co noso alumnado (UACO, SERGAS, IGAXES,...)

¹ De novo indicar quer, dando valor informativo e documental a este tipo de documento e non só carácter sancionador.

² Cun un incremento, un curso máis, de intervencións individuais (datos confidenciais e custodiados no DIOP)

d) Efectividade das actuacións desenvolvidas

Detéctase como medida efectiva especificamente “Falar co alumnado aparte fóra da aula”, así como a mediación, moi especialmente, do DIOP e do Xefe de Estudos e/ou Vicedirectora.

Actuacións que tiveron éxito, evitando conflitos, reconducindo a situación e a redacción de partes co carácter sancionador e/ou tramitación de expedientes; sendo, así, solucionados con anterioridade evitando actuacións administrativas, que, evitan unha comunicación de sancións; como xa se indicou, neste curso detéctase un aumento de xestión de informes e partes (dada a necesidade de seguimento, informe e documentación dalgunha casuística de especial atención), desatacando a xestión do DIOP e da Coordinadora de Benestar neste tipo de intervencións, por tanto, consideramos indispensable, nestas xestións, a presenza da 2ª orientadora, facendo factible unha atención continuada e individualizada.

7.3 Obxectivos Específicos

Os obxectivos xerais de actuación son os regulados no artigo 12 do Decreto 8/15, que podemos resumir en:

- Proporcionar aos órganos de goberno/profesorado: **instrumentos/recursos** para previr a violencia, facilitar a **prevención/detección/tratamento** dos **conflitos** (impulsando no seu tratamento a mediación) e de calquera manifestación de **violencia** (especialmente, acoso escolar, violencia xénero, xenofobia e racismo e, especialmente nos últimos cursos casos de condutas auto líticas)
- Favorecer a **adquisición de Competencias sociais básicas** que permitan mellorar a aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade.
- **Concienciar/Sensibilizar** a comunidade educativa sobre a importancia dunha convivencia pacífica.
- **Fomentar a participación** de toda a comunidade educativa na convivencia e establecer/incrementar as relacións coas entidades do entorno para a mellora de convivencia.

Do análise do clima de convivencia realizado no anterior apartado e, tendo como referencias estes obxectivos xerais, podemos fixar os obxectivos específicos do noso centro, que centraremos en tratar as principais deficiencias detectadas ao facer a diagnose do clima.

Creemos que, en principio, debemos centrarnos en catro liñas básicas: sensibilizar, formar e proporcionar instrumentos e materiais, e garantir a participación fomentando a difusión da información (aspecto que agardamos mellorar co Plan Proxecta “ Correspondentes xuvenís” e coa incorporación da figura da Coordinadora de Benestar.

Así os nosos obxectivos específicos son:

1. **Sensibilizar** a toda a comunidade educativa na importancia dun adecuado clima de convivencia e da responsabilidade de cada un na creación dun clima de convivencia pacífico.
2. Traballar na consecución das condicións necesarias para garantir a construción dun clima de convivencia adecuado e asegurar a **participación** de toda a comunidade educativa, creando as canles de comunicación e coordinación adecuadas
3. Proporcionar ou facilitar o acceso á **formación** dos membros da comunidade educativa, na adquisición da habilidades básicas de comportamento baseadas en previr o conflito, controlalo cando se produza.
4. **Dotar de instrumentos** para facilitar a comunicación de calquera conflito ou situación de violencia, e elaborar **materiais** para traballar a adquisición das habilidades sociais básicas e elaborar **protocolos** para facilitar a labor do profesorado neste tema.
5. Introducir de forma efectiva a coeducación no centro, ademais das actuacións propias da Coordinación de Igualdade

Para fomentar³:

- Avance da convivencia positiva como estilo educativo
- Impulso da formación integral da comunidade educativa para exercicio dunha cidadanía dixital ética, segura e responsable.
- Fomento da competencia emocional da comunidade educativa.
- Reforzo dunha convivencia equitativa, inclusiva e con perspectiva de xénero.

8. Actuacións, Medidas ou Programas

8.2. Actuacións Organizativas, Curriculares e de Coordinación

Están relacionadas cos obxectivos específicos 2 e 3, de participación/coordinación das actuacións de organización, e de formación, e as curriculares.

Organizativas

- Oferta de actividades formativas para o profesorado (cursos de formación interna)
- Dar prioridade as reunións de titoría e DIOP, moi especialmente na FP Básica.
- Fixación de horarios de ocupación das aulas, especialmente nas de uso compartido, talleres, informática, biblioteca, laboratorio de idiomas, salón de actos, ... Xa existen cadros de reserva dos espazos, pero debe ser máis coidadoso e tamén informar ao profesorado de nova incorporación.
- Elaboración dun calendario máis preciso para as ACF, evitando solapamentos e informando da temporalización prevista, para tratar de previr a saturación en meses concretos.

Curriculares:

- No presente curso 2025-26 seguirase poñendo especial atención en informar claramente das canles de comunicación co orientador e titores/as (en particular coidando a información ás familias).
- Implicación dos titores no tratamento da convivencia nas titorías. Este tema ten gran importancia na FPB na que as titorías son presenciais e dispoñen de 1 hora a semana. Debe facerse fincapé no traballo sobre convivencia, desenvolvemento de habilidades sociais e educación en valores e de xestión de emocións.
- Fomentar a implicación dos titores/as nas actividades que se desenvolvan no centro en relación a convivencia e tolerancia entre iguais (xornadas de convivencia con persoas con diversidade funcional, traballo da temática de violencia de xénero...) Obsérvase que nos ciclos formativos o profesorado participa en menor medida, xa que están máis centrados no currículo e da programación.

Coordinación

- Coordinación dos equipos docentes para acadar unha coherencia na aplicación das normas de convivencia, a través da elaboración do protocolos para facilitar e guialos na súa forma de actuación.
- Coordinación na FP Básica.

8.2. Actuacións para garantir a Participación

Relacionadas co obxectivo 2, garantir a participación de toda a comunidade na creación do clima de convivencia adecuado.

³ Eixes promovidos dende a [Estratexia Galega de Convivencia Escolar2025](#)

Alumnado:

Participación na concreción das normas de convivencia e análise das mesmas na aula. Non existe Xunta de Delegados/as, pero si teñen un representante a quen dirixirlle suxestións e cambios que el pode transmitir a Dirección.

Continuar fomentando curso a curso actividades que promovan a relación interciclos:, a través da Biblioteca, Equipo de Normalización Lingüística, Actuacións en Igualdade, distintas ACFs o club de lectura “Caldo de Gloria” e o Plans Proxecta,...

8.3. Actuacións Formativas en convivencia

O Centro propondrá actividades formativas no seu Plan de formación interna.

Elaboración de materias formativos para o alumnado (en colaboración co Dpto. De Información e Orientación Profesional e outras entidades a través de distintos planes)

8.4. Actuacións de divulgación

Para alcanzar o obxectivo 1 de sensibilización da comunidade escolar.

- Campañas de divulgación e coñecemento do Plan de convivencia entre todos os membros da comunidade escolar.
- Seguir colaborando con organismos ou asociacións externas ao centro para traballar a colaboración entre iguais, a non discriminación... na medida que nolo permita a situación actual.
- Realización de xornadas específicas para tratar o acoso escolar, a violencia sexista, ... en colaboración con organismos coma a Policía Nacional.
- Colaboración e participación en distintas accións, de ser co caso, cos Plans Proxecta e coa coordinación de Benestar.

8.5. Elaboración de Materiais de Traballo e Protocolos de Actuación

Para a consecución do obxectivo 3 de formación e relacionados, tamén co obxectivo 4, de facilitar instrumentos, materiais e protocolos de traballo.

- Xa existe un protocolo de acollida para o profesorado de nova incorporación e tamén para o alumnado, que se irá actualizando cada curso.
- Traballar nas titorías a xestión do conflito e adquisición de habilidades básicas.
- Dende o curso 2019-2020 o DIOP proporciona resumo dos distintos protocolos para a atención de alumnado NEAE; documento de Traballo Intelectual para o alumnado de FPB, Medidas de adaptación de tipo metodolóxico e Caderno de Información Académica e Profesional para alumnado de 2º de FPB.
- Realizar material de axuda para pautas de actuación en distintos protocolos (apertura de expediente (xa de cursos anteriores), protocolo de suicidio, acoso, e todo aquel que se considere para mellorar a convivencia do CIFP Compostela):

8.6. Medidas ou programas

Onde máis debemos incidir é na adopción de medidas de carácter preventivo. Das anteriores podemos destacar as seguintes:

- Dar publicidade aos dereitos e deberes, e normas de convivencia e garantir o seu coñecemento. Xa se fai fincapé na xornada de acollida e se lles lembra que poden revisalas a fondo na Guía do alumno/a.
- Revisar e actualizar periodicamente o Plan de Convivencia
- Implicar ao alumnado, e dar fluidez as canles de información entre eles, titores, equipos, contando ademais neste curso xa coa figura da Coordinadora de Benestar.
- Elaboración de Protocolos e difusión entre a Comunidade educativa dos publicados pola Consellería:
 - Difusión do NOF e a súas normas de convivencia
 - Difusión de protocolos de comunicación ás familias das faltas de asistencia do alumnado menor de idade.
 - Difusión dos Protocolos publicados pola Consellería a través do portal Educonvives (<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>).
 - Organización e difusión entre o profesorado que o precise de pautas de actuación en distintos protocolos (apertura de expediente (xa de cursos anteriores), protocolo de suicidio, acoso, e todo aquel que se considere para mellorar a convivencia do CIFP Compostela):

9. Normas de Convivencia

Aparecen recollidas no NOF do centro.

10. Difusión do Plan

O plan de convivencia debe ser coñecido por todos os membros da comunidade educativa para o cal se realizarán as seguintes actuacións:

- Difusión na páxina Web do Centro

Alumnado

- Consulta a través da web dentro da Guía do alumnado (con mención explícita a dito documento nas presentacións ao inicio de curso)

Profesorado

- Difusión a través de claustro e posibilidade de consulta a través da documentación do centro.

11. Seguimento, avaliación e propostas de mellora.

11.1. Seguimento e avaliación

O equipo directivo dos centros docentes garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

A Comisión de Convivencia ten que elaborar unhas directrices anuais ao Plan para concretar as actuacións a realizar cada ano e que deberán ser incorporadas.

Conforme a normativa, a Comisión manterá un mínimo de tres reunións ordinarias ao ano, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia o por proposta de alo menos unha terceira parte dos seus membros.

Nestas reunións valorará o grado de cumprimento das normas de convivencia, das medidas correctores e realizará o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

Tres veces ao ano como mínimo terá que dar contas ao Consello Social.



Ao finalizar o curso elaborará unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, da cordo cos datos e coas conclusións extraídas do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. Este informe será trasladado ao consello social do centro que deberá aprobar a memoria, e, posteriormente, ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

11.2. Propostas de Mellora.

Revisando ás liñas de mellora propostas na Memoria de Convivencia do curso 2024-25, propónse:

11.2.1 Actuacións prioritarias:

Seguindo o Plan de Convivencia deste centro enténdese que, tras a situación analizada na presente memoria, as liñas de mellora deben centrarse en:

Relacionadas cos obxectivos 1, 2, 3 e 4:

- Continuar planificando dende o DIOP accións formativas para o alumnado de formación profesional básica e ciclos medios. Aspecto que consideramos de especial relevancia e que aparecen como liña de mellora tamén na Coordinación de Benestar.
- Continuar planificando actividades formativas para o profesorado dende o DIOP (con especial mención a aspectos de convivencia na aula e de xestión de conflitos e actuación ante situacións como apertura de expediente de risco suicida ou de violencia de xénero) e, de novo, liña que compartimos coa Coordinación de Benestar.
- Reforzar a colaboración do DIOP coa Comisión de Convivencia e a Coordinación de Benestar, que para o curso 2025-26 levaran a documentación conxunta (dado o traballo de coordinación que se leva a cabo entre a Comisión de Convivencia, a Coordinación de Benestar e o DIOP)
- Consolidar a coordinación dos equipos docentes para acadar unha coherencia na aplicación das normas de convivencia nas que se inclúe xa, a ensinanza online.
- Fortalecer e continuar consolidando a colaboración e comunicación áxil entre o profesorado da FP Básica e o DIOP

Relacionadas con obxectivo 2:

- Continuar curso a curso actividades que promovan a relación interciclos:, a través da Biblioteca, Equipo de Normalización Lingüística, Coordinación de Benestar, distintas ACFs as que se suma o club de lectura “Caldo de Gloria”, os Plan Proxecta “Correspondentes Xuvenís”, “Nutriescolas” ou o “Antón Fraguas”.

Tomado como referencia o obxectivo 1:

- Continuar coa realización de xornadas específicas para tratar o acoso escolar, a violencia sexista, ... en colaboración con organismos coma a Policía Nacional, Plan Director, ..así como a relación estreita coa Coordinación de Benestar
- Consolidar e continuar coa colaboración establecidas dende a Coordinación de Benestar.

En canto ao obxectivo 3:

- Traballar nas titorías a xestión do conflito e adquisición de habilidades básicas, aspecto no que se debe facer especial fincapé dende o DIOP

- Volver a solicitar Plan Proxecta “*Correspondente xuvenís*”, pensado, no caso de ser concedido seguir implicando ao alumnado e consolidar unha rede de traballo cooperativo de información.

Centrado no 4:

- Neste obxectivo e, para o que se require formación, madurez e traballo en equipo, en cursos anteriores proporcionouse distinta documentación dende o DIOP.

Referido ao 5:

- CIFP conta co Coordinación de Igualdade con actuacións que se poden revisar na memoria correspondente.
- Continuar como mínimo cun dos Plans Proxecta: Nutriescolas e Correspondentes Xuvenís.
- Continuar coas colaboración co club de lectura, equipo de Biblioteca e Coordinación de Benestar.

Para terminar esta memoria e, tal e como se establece no Plan de Convivencia deste centro, **incidir na adopción de medidas preventivas:**

- Publicitar os dereitos e deberes, e normas de convivencia e garantir o seu coñecemento. Facendo fincapé na xornada de acollida onde se lle lembra que a todo o alumnado que poden revisalas pormenorizadamente na Guía do alumno/a.
- Como liña de mellora o curso 2025-26 incorporar a Comisión de Convivencia na Coordinación de Benestar con xestión documental conxunta (para consolidar a coordinación, xa efectiva nos últimos cursos, entre a Comisión de Convivencia, Comisión de Benestar e Plan Proxecta+ *Correspondentes xuvenís*).
- Solicitar Plans Proxecta
- Continuar coa planificación dende o DIOP accións formativas para o alumnado de formación profesional básica e ciclos medios en torno a diferentes temas transversais.
- Continuar coas actividades formativas para o profesorado dende o DIOP.
- Consolidar xornadas específicas para tratar o acoso escolar, a violencia sexista, ... en colaboración con organismos coma a Policía Nacional así como a relación estreita coa Coordinación de Benestar.

Para fomentar⁴:

- Avance da convivencia positiva como estilo educativo
- Impulso da formación integral da comunidade educativa para exercicio dunha cidadanía dixital ética, segura e responsable.
- Fomento da competencia emocional da comunidade educativa.
- Reforzo dunha convivencia equitativa, inclusiva e con perspectiva de xénero.

En Santiago de Compostela a 20/11/2025

Asdo.: M^a Joaquina Alonso Castro, Juan Cañete Quiñoy

⁴ Eixes promovidos dende a [Estratexia Galega de Convivencia Escolar2025](#)